

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE ABRIL DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual abril 2020	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en abril de 2020.	20
6.4.	Evolución da precipitación en abril de 2020	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	27
9	RAIOS	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 08/05/2020



Mes húmido, con temperaturas mínimas extremadamente cálidas e máximas normais.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de abril quedou caracterizado por un tempo moi cambiante, como corresponde ao inicio da primavera, pero cun predominio da inestabilidade atmosférica. Isto explica que non teñamos grandes anomalías de temperatura, con valores diúrnos preto da normalidade, aínda que con mínimas máis altas do normal. Porén, as chuvias estiveron por riba do agardado, particularmente no suroeste da Comunidade.

Así, no primeiro día do mes tivemos unha situación de transición, xa que marzo rematara coa chegada de aire polar continental e aínda persistía o aire frío en altura, polo que tivemos chuvascos irregularmente repartidos, mesmo con sarabia e aparato eléctrico.

Nos 3 días seguintes as altas presións dominaron a situación, quedando o día 3 cos ceos máis abertos e temperaturas superiores aos 20°C. O día 5 unha borrasca bastante activa chegaba a Galicia, deixando unha xornada de ventos e chuvias intensas en toda Galicia.

Os días 6 e 7 foron de situacións intermedias, co día 8 máis anticiclónico, aínda que á espera da chegada dunha borrasca o día 9 que co paso de sucesivas liñas de inestabilidade, acabou por deixar unha xornada de ceos moi grises e chuvias xeneralizadas, con temperatura por debaixo da expectativa nesta época do ano, unha situación que se repetiu na xornada do 10.

Os días 11 e 12 un anticiclón achegaba estabilidade, polo que tivemos dúas xornadas de tempo seco, con algunhas tormentas no interior na tarde do 12 e temperaturas algo escasas na xornada do 11. E de novo o 13 unha baixa desprendida localizábase preto de Galicia, deixando dúas xornadas, o 13 e o 14, con tempo tormentoso, con treboadas particularmente activas na tarde do 14, cando se rexistraban máis de 1000 raios na Comunidade.

Os seguintes 3 días foron tamén chuviosos, pero neste caso con descenso de temperatura e chuvias de tipo máis frontal. Na xornada do 18 as temperaturas subiron novamente en superficie e a presenza de aire frío en altura deixou de novo fenómenos tormentosos.

O día 19 estivemos nun pantano barométrico, coas altas e baixas presións moi afastadas de Galicia, pero o 20 unha nova baixa desprendida achegábase polo Atlántico, deixando un



día de chuvias intermitentes, que foron máis débiles o 21 e o 22 cando esa baixa foi absorbida por outra localizada no Mediterráneo occidental. Ese día 22 os ventos cambiaron a norte e a temperatura descendeu considerablemente.

O 23 gozamos dunha xornada estable, pero o 24 e 25 de novo a presenza de aire frío en altura deixaba tormentas, que foron illadas pero puntualmente moi fortes na tarde do 24.

O 26 foi unha xornada algo máis tranquila, pero os últimos días, entre o 27 e o 30 as baixas presións localizadas ao oeste de Irlanda foron enviando sucesivas fronteas, polo que tivemos xornadas de ceos grises, chuvias bastante xeneralizadas e ventos, que por momentos foron intensos e mesmo deron lugar a avisos amarelos por forza 7 no litoral de A Coruña.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión a 500 hPa (Figura 2), apréciase unha forte anomalía positiva sobre Europa Central que afecta principalmente ao nordés da Península Ibérica, quedando Galicia nunha situación neutra. Sen embargo, no mapa de superficie (Figura 1), vese a nosa Comunidade baixo a influencia dunha baixa presión situada ao Oeste sobre o Atlántico. Isto explica o paso de borrascas con moitos días de chuvia e o predominio da inestabilidade atmosférica en xeral, alternada con situacións anticiclónicas propias da época do ano.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Abril-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Abril-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	ABRIL 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.5/14.5	13.0	16.5 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	11.7/11.7	9.9	12.5 (2011)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	7.2/6.9 (día 3)	2.0 (12/04/1951)		
Tª mínima máis alta	14/13.8(día 25/9)	19.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	17.3/17.3	16.0	20.4 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	23.8/22.9 (día 4)	31.6 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.7/13.9 (días 1)	8.6 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	79	63-83	232 (1998)	0 (1938)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	27 (1998)	0 (1938)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura media e máxima. Extremadamente cálido en canto á mínima, cunha media moi superior á normal.

O número de días de chuvia foi algo maior do valor climático agardado, pero a cantidade de precipitación que deixaron está dentro do rango normal para este mes.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	ABRIL 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.1	12.2	16.5 (2011)	8.3 (1986)
Tª mínima media	9.3	7.5	10.7 (2011)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	4.2 (día 3)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	13.2 (día 9)	15.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	16.8	16.9	22.3 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	23.2 (día 14)	31.0 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.6 (día 29)	5.8 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	200	100-141	405 (1998)	28 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	16	15	28 (1998)	3 (2017)

Comentario: Mes cálido en canto á temperatura media. Pese a que a máxima foi normal este mes, a mínima media foi extremadamente cálida, moi superiores ao valor medio climático.

A chuvia rexistrada estivo por enriba do rango de valores normais, resultando un mes húmido e cun número de días de chuvia concorde ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	ABRIL 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.9	10.6	14.8 (2011)	7.1 (1986)
Tª mínima media	8.0	5.2	8.3 (2011)	2.9 (1986)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 3)	-3.7 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	11.8 (día 25)	15.0 (03/04/1985)		
Tª máxima media	17.7	16.0	21.4 (2011)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	24.1 (día 24)	31.7 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.8 (día 22)	5.0 (21/04/1995)		
Precipitación acumulada	94	62-73	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	25 (1998)	4 (1982)

Comentario: Mes moi cálido en canto ás temperaturas máximas e medias. As mínimas poden considerarse extremadamente cálidas, cunha media moi superior ao valor climático medio.

A chuvia rexistrada estivo por enriba do rango de valores normais, considerándose o mes como húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia, superior tamén ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.1	13.1	17.3 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	10.1	7.8	11.1 (2011)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	4.0 (día 3)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 9)	14.8 (14/04/2019)		
Tª máxima media	18.1	18.4	23.5 (2011)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	22.8 (día 4)	31.2 (06/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.7 (día 10)	9.1 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	233	96-134	430 (2000)	16 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	15	14	28 (1998)	2 (2017)

Comentario: Este mes resultou lixeiramente frío en canto ás máximas pero moi cálido con respecto ás mínimas. Así, a temperatura media deste mes considérase cálida en relación ao valor climático.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, cualificándose o mes como moi húmido, pese a que o número de días de chuvia non foi moi superior ao valor climático normal.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020.

**OURENSE**

	ABRIL 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	14.7	13.3	17.4 (2011)	9.3 (1986)
T ^a mínima media	9.5	6.7	9.2 (1984)	3.2 (1973)
T ^a mínima absoluta	2.4 (día 3)	-3.2 (06/04/1975)		
T ^a mínima máis alta	13.7 (día 9)	14.8 (13/04/1988)		
T ^a máxima media	20.0	19.8	25.6 (2011)	15.0 (1986)
T ^a máxima absoluta	25.3 (día 24)	32.9 (07/04/1987)		
T ^a máxima máis baixa	16.1 (día 1)	8.0 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	78	45-65	189 (2000)	12 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	15	11	25 (2000)	3 (2017)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura media. As máxima media está dentro do rango normal, pero a mínima media foi extremadamente cálida, superando o valor máximo da serie dende 1972.

A chuvia rexistrada foi superior ao rango de valores normais, considerándose o mes como húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia, por enriba do valor climático agardado.


* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.



5 TEMPERATURA

A media das temperaturas máximas non estivo moi afastada da normalidade, con variacións entre días cálidos e fríos, propio do inicio da primavera. Si tivemos mínimas altas en media, xa que apenas apareceron noites despexadas e con vento en calma, que son as que nesta época poden deixar temperaturas moi baixas.

5.1. Temperatura media das máximas.



Tmáx - 04/2020

www.meteogalicia.es


Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de abril de 2020.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de abril para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 16 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente no Miño Ourenzá chegando aos 20 °C. Os valores máis baixos déronse en zonas montañosas da provincia de Ourense, con máximas que non superaron os 10 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de abril para o territorio galego foi de 7.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na Pena Trevinca e no Macizo de Manzaneda, onde as temperaturas mínimas medias quedaron en torno a 1 °C ou 2 °C , non logrando acadar valores negativos. Os valores máis altos déronse nas Rías Baixas, así como en puntos da costa coruñesa, onde se superaron os 11.0 °C de media en moitas localidades.



Tmín - 04/2020

www.meteogalicia.es

Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de abril de 2020.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media neste mes de abril, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +1.6 °C. En toda a Comunidade o valor de anomalía foi positivo, destacando especialmente o centro de Lugo cos valores máis altos, maiores de +2.5 °C. Os valores máis baixos déronse na costa pontevedresa, só +0.5 °C por riba do valor de referencia do período 1981-2010.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de abril de 2020 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Lugo, con valores que superaron os 2.5 °C. As anomalías máis baixas este mes déronse maioritariamente nas Rías Baixas (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Negueira de Muñiz	Lugo	2,7
Outeiro de Rei	Lugo	2,7
Cambre	A Coruña	2,6
Rábade	Lugo	2,6
Corgo (O)	Lugo	2,6
Castroverde	Lugo	2,6
Fonsagrada (A)	Lugo	2,6
Navia de Suarna	Lugo	2,5
Baralla	Lugo	2,5
Castro de Rei	Lugo	2,5

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de abril de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0,0
Guarda (A)	Pontevedra	0,5
Oia	Pontevedra	0,6
Fornelos de Montes	Pontevedra	0,6
Fisterra	A Coruña	0,6
Rosal (O)	Pontevedra	0,6
Cangas	Pontevedra	0,6
Carnota	A Coruña	0,6
Vilanova de Arousa	Pontevedra	0,6
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0,0

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de abril de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de abril de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na xornada do 24 rexistráronse valores de temperatura por riba dos 25 °C en moitas localidades, por riba dos 1000m destaca tamén o día 8, con valores próximos aos 19 °C.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/04/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	27,8
24/04/2020	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	27,4
24/04/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	26,4
14/04/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	26,4
24/04/2020	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	26,1
24/04/2020	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	25,6
08/04/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	25,6
24/04/2020	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	25,5
14/04/2020	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	25,5
14/04/2020	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	25,4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/04/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	20,1
08/04/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	19,5
08/04/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	18,8
12/04/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	18,8
08/04/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	18,8
08/04/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	18,3
24/04/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	18,1
08/04/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	16,9
24/04/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16,7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, destaca o primeiro día do mes para altitudes altas. En altitudes por debaixo dos 1000m destaca o día 3.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/04/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-3,1
01/04/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	-2,7
01/04/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1,3
01/04/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	-0,7
01/04/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0,5
01/04/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-0,3
01/04/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	0,0
03/04/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0,3
02/04/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	0,5
02/04/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0,6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/04/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2,3
01/04/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-1,5
03/04/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-1,4
04/04/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	-0,8
03/04/2020	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-0,4
03/04/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-0,3
04/04/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	0,0
03/04/2020	Coto Muiño	ZAS	A Coruña	0,0
03/04/2020	Mabegondo	ABEGONDO	A Coruña	0,0
03/04/2020	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	0,0

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2020 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 13.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para abril.

A anomalía media da temperatura para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.39°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. A maior contribución débese ás mínimas, as cales resultaron extremadamente cálidas (cunha anomalía de +2.31 °C). En canto ás temperaturas máximas resultaron lixeiramente cálidas (cunha anomalía de +0.48 °C). Xa o ano 2017 fora tamén moi cálido, cunha anomalía de +2.27 °C.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en abril, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral por riba do agardado neste mes. Tivemos algúns días de tormenta que en puntos do interior deixaron precipitacións localmente fortes, pero destaca máis a anomalía en puntos de Pontevedra e sur da Coruña, debido ás situacións frontais que se deron con máis frecuencia do habitual neste mes.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada foi de 135 L/m². Os valores máis altos acadáronse no interior da provincia de Pontevedra e suroeste da Coruña, con valores que superaron os 300 L/m². Os valores máis baixos déronse na mariña lucente, onde se rexistraron acumulados inferiores aos 20L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual abril 2020



Chuvia/lluvia - 04/2020

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de abril de 2020.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de abril con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 8 % superior ao período de referencia 1981-2010. Nas comarcas costeiras da mariña lucense as porcentaxes estiveron por debaixo do 50% con respecto ao nivel normal. Sen embargo, principalmente no interior da provincia de Pontevedra, as porcentaxes foron un 70% superiores do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de abril de 2020.

6.3. Días de chuvia en abril de 2020

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 15.3. Os valores máis altos de número de días de chuvia déronse en zonas elevadas do interior de Pontevedra, con valores que chegaron a superar os 19 días de chuvia. O litoral da Mariña Lucense e as localidades próximas a Verín foi onde menos días de chuvia se rexistraron, en torno aos 10.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de abril de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de abril. Pódese observar que principalmente na provincia de Pontevedra houbo rexistros de precipitación mensual que superaron os 250L/m². Os valores máis elevados de precipitación déronse maioritariamente na madrugada do día 30 (Táboa 8), con acumulados que superaron os 50 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en abril de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	340
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	337
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	320
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	301
Castrove	POIO	Pontevedra	289
Costa	ROIS	A Coruña	284
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	283
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	283
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	262
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	262

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de abril de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	76	30/04/2020 00:10
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	66	30/04/2020 00:10
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	59	04/04/2020 16:20
Cariño	CARIÑO	A Coruña	59	30/04/2020 00:10
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	57	30/04/2020 00:10
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	56	30/04/2020 00:10
Castrove	POIO	Pontevedra	56	30/04/2020 00:10
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	55	30/04/2020 00:00
Muralla	LOUSAME	A Coruña	54	17/04/2020 10:30
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	50	16/04/2020 09:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de abril de 2020.

6.4. Evolución da precipitación en abril de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 127 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para abril.

A anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 8 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade, sen embargo en moita menor medida que o mes de abril do ano pasado.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en abril, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. As xornadas máis ventosas foron as dúas últimas do mes e o día 5. O predominio da inestabilidade atmosférica fixo que a porcentaxe de calmas en xeral non fose moi elevada este mes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en abril				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
30/04/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	125,0
30/04/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	122,4
05/04/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	107,4
29/04/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	105,1
05/04/2020	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	100,2

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de abril de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
A Gándara	Vimianzo	107.3	SO	5		
		Día 5				
Serra da Faladoira	Ortigueira	81.4	O	5		
		Día 30				
Malpica	Malpica	74.9	O	6		
		Día 29				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	79.2	SO	8		
		Día 30				





Táboa 10: Resumo do vento no mes de abril de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	124.9	N	5		
		Día 30				
Ancares	Cervantes	94.0	S	9		
		Día 5				





Táboa 11: Resumo vento no mes de abril de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lardeira	Carballada de Valdeorras	105.1	SO	11		
		Día 29				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refach o máxim o (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	73.1	SO	13		
		Día 5				
Gandarela	Celanova	56.2	NO	43		
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de abril de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	75.6	S	11		
		Día 29				
Ons	Bueu	88.2	SO	7		
		Día 5				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de abril de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de abril de 2020.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 1573 raios neste mes de abril. Estes raios foron detectados principalmente a mediados de mes, destacando especialmente o día 14, cando se detectaron máis de 1000 raios no total da Comunidade (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en abril de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, o mes de abril rematou ca maioría de raios rexistrados nas provincias de Lugo e A Coruña (Figura 16), con máis de 500 raios cada unha.



Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en abril de 2020.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en abril en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Nesta gráfica pódese observar que este ano rexistrouse unha cantidade de raios moi similar á do ano 2018, e máis do dobre dos rexistrados o abril do ano pasado.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en abril dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	12.0	16.25	21.9	8	9.1	3.8	3	63	10.7	30	**	85	98	66	23	92	1103	14	89	29	**	**	**	**	19	0		
Abradelo	10.4	14.71	21.1	24	7.0	2.4	3	153	22.3	10	**	80	95	59	29	116	1276	**	**	**	**	**	**	**	18	0		
**Alto do Faro	9.2	13.3	20.1	24	5.9	2.2	3	144	30.3	5	**	85	94	65	**	**	**	5	49	30	918	**	**	**	22	0		
**Alto do Poio	6.9	10.53	16.7	24	4.2	0.6	2	202	25.4	5	**	87	97	68	**	**	**	8	59	14	**	**	**	**	21	0		
Ancares	7.0	10.64	16.9	8	4.3	0.5	2	138	16.7	24	80	86	97	68	29	114	1240	18	93	5	861	**	**	**	21	0		
**Borreiros	13.0	17.03	23.1	4	9.2	4.4	13	85	18.4	18	29	88	100	68	20	79	1027	5	49	30	1006	**	**	**	15	0		
Bóveda	12.4	18.61	25.5	24	8.1	3.8	4	98	13.2	27	15	80	96	53	34	134	1423	5	60	15	964	**	**	**	17	0		
Burela	11.2	13.84	19.6	4	9.0	5.8	13	50	8.8	9	-9	87	96	73	25	99	1156	12	81	29	964	**	**	**	16	0		
Campus Lugo	12.2	17.67	24.0	24	8.0	0.3	3	93	17.6	14	19	84	100	56	29	117	1356	5	57	15	967	**	**	**	18	0		
Castro R. de Lea	11.9	16.89	23.0	8	7.9	0.8	3	77	12.8	5	**	86	99	63	31	123	1352	**	**	**	965	**	**	**	18	0		
Conchada	11.5	16.92	23.5	8	7.8	3.7	13	68	11.7	27	**	84	99	61	33	131	1400	**	**	**	**	**	**	**	17	0		
Corno do Boi	9.8	14.09	20.3	24	6.7	2.4	3	127	23.8	5	72	88	98	67	25	99	1127	12	77	30	**	**	**	**	20	0		
Cospeito	11.6	16.6	22.6	24	7.5	-0.3	3	92	19.1	18	26	90	100	64	29	116	1320	7	62	30	**	**	**	**	18	1		
Courel	10.4	15.53	22.6	24	6.8	1.8	3	136	16.2	30	54	82	98	56	31	123	1326	8	84	15	925	**	**	**	17	0		
Fontaneira	8.8	13.15	19.7	8	5.8	1.1	3	126	18.0	29	68	88	98	67	28	113	1228	16	84	29	901	**	**	**	22	0		
Foz	12.7	15.93	21.8	4	9.9	4.8	4	29	5.0	10	-34	84	95	69	22	89	1124	10	73	5	1006	**	**	**	18	0		
Fragavella	10.0	13.32	19.0	8	7.1	3.1	20	93	18.8	30	35	89	98	71	29	114	1185	13	88	30	944	**	**	**	21	0		
Guitiriz-Mirador	10.0	14.2	20.1	8	7.1	2.4	3	139	17.1	30	83	89	98	68	25	99	1131	9	59	30	934	**	**	**	24	0		
**Labrada	9.9	13.54	19.6	8	7.3	3.4	13	200	46.8	30	144	89	99	69	25	101	1129	10	57	30	**	**	**	**	20	0		
**Lanzós	10.9	15.76	22.2	8	6.1	-0.8	4	99	16.5	9	**	86	97	65	**	**	**	3	45	14	958	**	**	**	19	1		
**Lourenzá	13.2	17.59	23.2	4	9.3	1.9	4	52	8.4	30	**	84	97	65	**	**	**	5	49	30	**	**	**	**	16	0		
Marroxo	11.4	15.98	22.2	24	8.1	2.2	4	65	8.6	9	-7	82	96	61	30	117	1280	9	58	30	940	**	**	**	18	0		
**Míllara	13.0	18.77	25.3	24	9.2	3.6	1	71	13.5	5	**	82	99	54	**	**	**	5	49	5	**	**	**	**	15	0		
Monforte	13.5	19.2	25.6	24	9.3	1.7	4	52	7.8	9	-27	83	100	53	30	120	1382	4	55	15	**	**	**	**	15	0		
**Morelle	12.3	18.06	24.5	24	7.8	0.0	4	73	11.6	1	4	87	100	59	26	105	1253	4	49	15	965	**	**	**	17	1		
O Cebreiro	7.3	12.52	20.1	24	3.9	0.3	3	169	20.0	29	114	90	99	68	26	102	1168	10	70	30	867	**	**	**	19	0		
O Xipro	10.2	15.19	20.9	24	6.9	2.3	3	97	18.9	18	28	87	100	60	30	120	1299	11	67	30	923	**	**	**	21	0		
**Olveda	10.5	15.84	22.3	24	6.4	1.7	3	121	29.9	5	53	86	98	62	27	109	1315	4	38	30	**	**	**	**	18	0		
Pedro Murias	13.5	16.53	21.1	5	10.6	4.9	3	28	4.1	18	-32	88	98	73	23	94	1131	9	64	29	1008	**	**	**	14	0		
Penedo do Galo	10.2	12.73	18.3	4	8.1	4.2	13	71	11.1	9	19	89	97	75	23	90	1083	25	124	30	**	**	**	**	20	0		
Pol	10.6	15.46	21.9	8	7.3	2.3	3	67	9.4	29	**	87	99	63	30	121	1300	**	**	**	938	**	**	**	20	0		
Portomarín	12.1	17.77	24.5	24	7.9	1.6	4	81	15.9	24	**	86	100	59	29	114	1320	**	**	**	962	**	**	**	18	0		
Riotorto	12.7	17.22	22.4	8	9.3	2.5	3	68	15.7	30	6	94	100	76	26	104	1221	6	60	29	**	**	**	**	19	0		
Sambreixo	11.1	15.88	22.2	8	6.7	0.9	3	109	17.7	5	**	87	99	65	28	111	1260	**	**	**	**	**	**	**	20	0		
**San Clodio	13.6	19.7	25.6	8	8.9	3.6	3	56	8.4	15	**	81	100	51	**	**	**	3	44	5	984	**	**	**	16	0		
**San Fiz	12.6	17.53	23.4	24	9.0	3.7	4	61	10.8	5	-17	81	96	57	30	119	1383	5	53	4	968	**	**	**	16	0		
Santa Cruz	13.2	17.4	22.8	4	9.1	1.5	4	52	7.9	9	-10	87	99	67	24	96	1163	4	63	15	**	**	**	**	17	0		
Serra Vacaloura	9.8	14.17	21.4	24	6.7	2.1	3	119	18.9	5	61	92	99	69	31	124	1334	16	76	30	**	**	**	**	20	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ventosa	9.7	14.22	19.9	8	6.2	-0.3	3	100	11.4	9	36	82	95	61	25	99	1176	11	77	30	909	22	1		
**Vilamor	13.2	17.08	22.4	4	9.7	2.3	4	50	11.7	30	-21	79	90	62	24	97	1155	6	52	5	**	18	0		
**Xabrega	13.0	18.55	24.8	8	9.2	3.8	4	92	11.6	30	0	80	96	54	46	11	1236	5	56	30	976	21	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
**Soutomaior	13.5	17.83	22.2	14	10.1	4.2	1	233	47.5	5	**	77	89	57	**	**	**	3	33	29	994	21	0		
**Torrequintáns	14.0	18.11	23.1	14	10.4	5.0	3	177	22.9	29	98	87	99	68	36	144	1470	6	47	5	1005	20	0		
**Tremoedo	13.6	17.62	22.5	4	10.1	5.0	3	164	24.3	5	**	83	95	64	**	**	**	3	42	5	1006	21	0		
Vigo	13.9	17.49	22.0	14	10.8	5.6	1	169	24.5	5	**	81	94	63	**	**	**	**	**	**	**	19	0		
Vigo-Campus	11.5	14.39	19.3	14	9.3	4.0	1	255	34.7	5	180	88	98	71	37	148	1463	8	72	5	961	20	0		
Xesteiras	9.6	12.75	18.9	24	7.3	3.0	13	320	75.5	30	**	92	99	77	**	**	**	21	95	5	**	23	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.